

actualización de tarifas del servicio de taxi del Ayuntamiento de Ourense.

De conformidad con el artículo 82 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas, se concede un plazo de quince (15) días hábiles, contado desde la publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia, para que pueda examinar el expediente y presentar, también dentro de ese mismo plazo, los escritos, documentos y pruebas que estime convenientes. También de conformidad con lo señalado en el artículo 42 de la Ordenanza Reguladora del Servicio de Taxi en la ciudad de Ourense.

El expediente se encuentra en la Unidad de Transporte, situada en la plaza de San Martiño núm. 2, donde podrá ser examinado, para lo cual se deberá concertar una cita previa llamando al teléfono 988 388 152 o en el correo:

transporte@ourense.gal.

Lo que se comunica, por si desea hacer uso de este trámite de audiencia que se concede.

Ourense, 14 de julio de 2022. Unidad de Transporte.

R. 1837

Vilardevós

Para cumplir o que dispón o artigo 3 do Real decreto 243/1995, do 17 de febreiro (BOE do 8 marzo), anúnciase que a matrícula do imposto sobre actividades económicas, correspondente ao ano 2022, que foi elaborada pola Axencia Estatal de Administración Tributaria e recibida neste concello, atópase a disposición do público na secretaría municipal, para o seu exame polos interesados, en horas de oficina, durante o prazo de quince días hábiles seguintes aos da publicación desde edicto no Boletín Oficial da Provincia.

Contra a inclusión, exclusión ou alteración de calquera dos datos contidos na dita matrícula cabe interpor, no prazo de quince días hábiles, contado dende o inmediato hábil seguinte ao remate da súa exposición:

- Postestativamente, recurso de reposición ante a Delegación Provincial de Ourense da Axencia Estatal de Administración Tributaria.

- Directamente, reclamación económico-administrativo ante o Tribunal Económico-Administrativo Rexional de Galicia.

Non cabe a utilización simultánea dos ditos medios de impugnación contra o contido da matrícula e a súa presentación non orixinará a suspensión dos actos liquidatorios seguintes, salvo que así o acorden expresamente o órgano administrativo ou o tribunal económico-administrativo que sexan competentes.

Vilardevós, 22 de xullo de 2022. O alcalde.

Asdo.:Manuel Cardoso Pérez.

Para cumplir lo dispuesto en el artículo 3 del Real Decreto 243/1995, de 17 de febrero (BOE del 8 de marzo), se anuncia que la matrícula del impuesto sobre actividades económicas correspondiente al 2022, que fue elaborada por la Agencia Estatal de Administración Tributaria y recibida en este Ayuntamiento, se encuentra a disposición del público en la secretaría municipal, para su examen por los interesados, en horas de oficina, durante el plazo de quince días hábiles siguientes al de la publicación de este edicto en el Boletín Oficial de la Provincia.

Contra la inclusión, exclusión o alteración de cualquiera de los datos contenidos en dicha matrícula cabe interponer, en el plazo de quince días hábiles contados desde el inmediato hábil siguiente al de finalización de su exposición:

- Postestativamente, recurso de reposición ante la Delegación Provincial de Ourense de la Agencia Estatal de Administración Tributaria.

- Directamente, reclamación económico-administrativa ante el Tribunal Económico-Administrativo Regional de Galicia.

No cabe la utilización simultánea de dichos medios de impugnación contra el contenido de la matrícula, y su presentación no originará la suspensión de los actos liquidatorios siguientes, salvo que así lo acuerden expresamente el órgano Administrativo o el Tribunal Económico-Administrativo que sean competentes.

Vilardevós, 22 de julio de 2022. El alcalde.

Asdo.: Manuel Cardoso Pérez.

R. 1.838

Xinzo de Limia

Bases para a participación na Feira da Pataca e da Maquinaria Agrícola 3º edición, ano 2022, organizada polo Concello de Xinzo de Limia.

O Concello de Xinzo de Limia organizou a primeira Feira da Pataca e da Maquinaria Agrícola, realizada en Xinzo de Limia, no ano 2019 e que quedou suspendida no ano 2020, por causa da pandemia do SARS-COV 2 ou COVID 19. No ano 2021 retomouse a celebración desta feira con grande afluencia de público.

Neste ano de 2022, o Concello ten o propósito de continuar a celebrar este evento. Os obxectivos que, dentro das súas competencias de fomento da actividade económica, o Concello pretenden acadar coa celebración da 3º Feira da Pataca e da Maquinaria Agrícola, son os que se expoñen a continuación:

- 1.Recoñecer o traballo dos/das agricultores/as. Que todos os produtores de pataca de Xinzo e da Comarca da Limia, teñan un escaparate do seu producto, co fin de ser recoñecidos como impulsores socioeconómicos da zona rural de Ourense.

2. Promocionar a pataca como produto da zona da Limia. Expoñer as calidades das distintas variedades da pataca.

3. Axudar a fidelizar clientela, coa instalación dunha caseta na que se lles exhiba a pataca e outros produtos de proximidade aos potenciais compradores.

- 4.Promover a irmandade entre competidores. Realízanse conferencias de intercambio de coñecemento e charlas informativas sobre as novas alternativas de venda en internet, impartidas por relatores especializados de zonas que se dedican ao cultivo deste producto.

5. Favorecer a representación dos sectores profesionais auxiliares para conseguir este producto:

- 5.1.Representantes do sector da maquinaria agrícola.

- 5.2. O sector da venda de produtos fitosanitarios, fertilizantes.

6. Poñer en valor os programas das institucións públicas na promoción deste producto:

- 6.1. Inorde (Instituto Ourensán de Desenvolvemento Económico),

- 6.2. Centro de Desenvolvemento Agrogandeiro de Xinzo de Limia.

- 6.3 Consellería de Medio Rural.

- 6.4 Concellos limítrofes de España e o país veciño Portugal.



Co obxecto de sufragar en parte os custos de organización da feira, aprobouse a modificación da Ordenanza núm. 14, reguladora da taxa pola ocupación de terreos de uso público con postos de venda, barracas, espectáculos e outros análogos cuxo artigo 5 refire:

“Artigo 5. No caso de organización de feiras destinadas á promoción de produtos estratégicos e comercio de proximidade para a Comarca da Limia, establecécese a seguinte taxa de ocupación:

a) Casetas en espazos ao aire libre para a promoción de maquinaria agrícola: 300 euros por caseta e feira.

b) Casetas para a promoción de produtos estratégicos e comercio de proximidade distintos aos recollidos na letra a): 80 euros por caseta e feira.

A documentación que terán que presentar os interesados, o modo de adxudicación de espazos e cantas determinacións sexan precisas para a organización do evento serán determinadas nas bases que previamente aprobe o órgano competente.”

A teor do exposto, establecécese as seguintes bases en relación coa participación e desenvolvemento do evento:

1. Organización do evento

A organización da Feira da Pataca e do Agro do ano 2022 corresponde ás concollerías de Medio Rural e Facenda do Concello de Xinzo de Limia con sede na rúa Curros Enríquez, número 15.

2. Datas e lugar de realización

A Feira da Pataca e da Maquinaria Agrícola terá lugar durante os días 2,3,4 do mes de setembro do ano 2022.

A promoción da pataca, ámbito da feira, no que poderán participar produtores de pataca, asociacións de produtores de pataca, así como o sector de venda de produtos fitosanitarios e fertilizantes, terá lugar no Pavillón de Deportes Municipal.

A promoción da maquinaria agrícola, ámbito da feira na que poderán participar representantes do sector da maquinaria agrícola, desenvolverase na explanada do Parque do Toural.

3. Lugar e prazo de inscrición

As solicitudes deberán presentarse no Rexistro Xeral do Concello de Xinzo de Limia ou en calquera dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A presentación poderá realizarse de modo presencial ou telemático, neste último caso a través da sede electrónica do Concello de Xinzo de Limia (xinzodelmia.sedelectronica.gal).

O prazo límite de presentación de solicitudes será o 1 de setembro do ano 2022.

4. Requisitos de participación. Solicitud e documentación que haberá que presentar

Poderán solicitar a participación na Feira da Pataca e da Maquinaria agrícola os produtores e comercializadores de pataca e as asociacións destes, así como o sector de venda de produtos fitosanitarios e fertilizantes e de maquinaria agrícola.

A solicitude deberá realizarse de acordo o modelo recollido no anexo I destas bases á que se unirá:

a) Fotocopia do DNI do titular ou CIF en caso de persoas xurídicas ou asociacións.

b) Acreditación da representación coa que se actúa, no seu caso.

c) Certificación actualizada de situación censual, expedida pola Axencia Tributaria, na que se indique a actividade económica exercida e o domicilio da actividade económica. A certificación será a do/a propio/a autónomo/a como persoa

física ou da persoa xurídica ou entidade sen personalidade xurídica a través da que se exerce a actividade e á que estea vinculado e será emitida con posterioridade ao 1 de xaneiro do 2022.

d) Acreditación do pago da taxa recollida no artigo 5 da vixente Ordenanza núm. 14, reguladora da taxa pola ocupación de terreos de uso público con postos de venda, barracas, espectáculos e outros análogos

e) Declaración responsable consonte ao modelo recollido no anexo I.

5. Infraestruturas. O Concello de Xinzo, para o caso de Feira da Pataca de Limia, pon a disposición de cada participante un posto de 4m x 3m. Correrá a cargo do expositor a decoración precisa para a exposición do seu producto, atendendo ás indicacións da organización. No caso da promoción da maquinaria agrícola, o solicitante poderá utilizar un espazo adicional para a exposición da maquinaria que vai exhibir segundo lle indique o Concello. Nos restantes casos, non se permitirá a montaxe de elementos construtivos ou de decoración que rebasen o posto.

7. Selección de participantes

Dado que o número de postos a pór a disposición dos participantes (25 postos no caso da promoción pataca e 15 no caso da promoción da maquinaria agrícola), así como o espazo utilizable, son limitados, atenderase aos seguintes criterios para a selección dos participantes:

1) En primeiro lugar, terán preferencia os expositores con domicilio social no Concello de Xinzo de Limia,

2) En segundo lugar, terán preferencia os expositores con domicilio social nalgún outro Concello da Comarca da Limia.

3) Os restantes postos poderán ser ocupados por expositores/as con outros domicilios.

No caso de que, na aplicación dos devanditos criterios, se producise un empate, resolverase mediante un sorteo.

8. Montaxe. A organización establecerá os horarios para a montaxe e a desmontaxe e a entrada dos materiais para expoñer. Na fin do evento, os postos e demás elementos deberán entregarse no mesmo estado no que foron recibidos.

9. Atribucións da organización. No uso das súas competencias a organización poderá adoptar as medidas que considere oportunas para o correcto desenvolvemento da feira, reservándose o dereito a realizar cambios nas datas e horarios durante o desenvolvemento do programa así como de decidir os oficios que poderán participar na feira. A distribución e localización dos postos realizarase segundo o criterio da organización así como a estética dos expositores para salvagarda a imaxe do evento. A organización resérvase o dereito de fotografar ou filmar os expositores, postos e produtos expostos na feira, podendo utilizar estas imaxes nos seus documentos internos, páxina web e redes sociais, así como publicacións e promocións oficiais. Resérvase o dereito de colocar paneis de información xeral ou calquera outro elemento da exposición nos lugares que considere oportunos e non poderán cubrirse nin retirarse. A organización non será responsable das consecuencias resultantes, para o/a expositor/a, de situacións especiais ou de veciñanza pola distribución que se realice dos postos e demás espazos, así como non se fai responsable das vendas, nin dos roubos nin furtos que poidan acontecer. É responsabilidade dos/as expositores/as, en todo momento, a seguridade dos artigos expostos.

(Ver anexo pág. 7-8)



Anexo I
Modelo de solicitude

Formulario de solicitude de participación na Feira da Pataca e da Maquinaria Agrícola Concello de Xinzo de Limia

Solicitante:

Nome e apelidos do/da solicitante:

DNI/NIE:

Teléfono móvil:

Enderezo:

Correo electrónico (para notificacións):

Representante (no seu caso):

Nome e apelidos do/da representante:

DNI/NIE:

Teléfono móvil:

Correo electrónico (para notificacións):

Datos da actividade económica exercida:

Domicilio da actividade:

Descripción da actividade (epígrafe IAE e denominación):



Solicita (marcar cun x no recadro correspondente :

Participación na 3ª Edición da Feira da Pataca e da Maquinaria Agrícola de Xinzo de Limia, no ámbito da Feira da Pataca (produtores de pataca, asociacións de produtores de pataca, así como o sector de venda de produtos fitosanitarios e fertilizantes).

Participación na 3ª Edición da Feira da Pataca e da Maquinaria Agrícola de Xinzo de Limia no ámbito da Feira da Maquinaria Agrícola (representantes do sector da maquinaria agrícola)

Declara responsablemente:

Dispor de todas as autorizacións precisas para a realización da actividade comercial.

Dispor do seguro de responsabilidade civil preciso para a realización da súa actividade e estar ao día no pago da cota.

Estar ao corrente das súas obrigas tributarias coa Facenda estatal, autonómica e co Concello así como nas súas obrigas coa Seguridade Social.

Asumo as responsabilidades que se poidan derivar da venda/exhibición dos produtos, recoñecendo a exención da responsabilidade do Concello neste aspecto.

Documentación que acompaña:

- a) Fotocopia do DNI do titular ou CIF en caso de persoas xurídicas ou asociacións.
- b) Acreditación da representación coa que se actúa, no seu caso.
- d) Certificación actualizada de situación censual, expedida pola Axencia Tributaria, nos que se indique a actividade económica exercida e o domicilio da actividade económica. A certificación será a do/a propio/a autónomo/a como persoa física ou da persoa xurídica ou entidade sen personalidade xurídica a través da que se exerce a actividade á que estea vinculado e terá que estar emitida con posterioridade ao 1 de xaneiro do 2022.
- e) Acreditación do pago da taxa (ingreso de 300 euros no caso do sector da maquinaria agrícola e de 80 euros no caso do sector de produtores de pataca, asociacións de produtores de pataca, así como o sector de venda de produtos fitosanitarios e fertilizantes)

Xinzo de Limia, ____ de _____ de ____
(Sinatura do/a solicitante)

Documento asinado electronicamente. A alcadesa.

Asdo.: Elvira Lama Fernández.